

A movie poster for the film 'Cuñados'. It features three men on a motorcycle. The man in the center is driving, looking forward with a determined expression. The man on the left has a surprised or excited look. The man on the right is laughing heartily. Euro banknotes are falling around them against a green background. The title 'CUÑADOS' is written in large, bold, yellow letters across the bottom. Below the title, it says 'UNHA PELÍCULA DE portocabo' in white text.

CUÑADOS

UNHA PELÍCULA DE portocabo

A photograph of three men sitting on large wooden barrels in a dark, cave-like setting. They are holding bright yellow ropes that loop around the barrels. The man on the left is wearing a blue shirt and glasses, the man in the middle is wearing a light orange shirt and has a beard, and the man on the right is wearing a dark brown shirt. They all appear to be smiling and engaged in the activity.

“Un millón en man, tracatrá!”

ÍNDICE

- A HISTORIA
- OS CUÑADOS
- AS IRMÁS
- A FAMILIA
- O DIRECTOR
- O PRODUTOR
- OURENSE NA PELÍCULA
- O DEPORTE
- O VIÑO
- A MÚSICA
- A PRODUTORA



UNHA COMEDIA CON DENOMINACIÓN DE ORIXE

SINOPSE

CUÑADOS é unha comedia sobre as peripecias delitivas de tres cuñados unidos polo azar e embarcados nun plan disparatado para salvar o que máis queren: a familia.

Eduardo e o seu cuñado Sabonis acaban de meter a pata nun dos seus negocios e precisan cartos. Moitos cartos. Será Sabonis quen lle atope a solución ao problema secuestrando a Modesto, cuñado de Alicia Zamora, a empresaria que os enganou e os deixou tirados. Só hai un pequeno problema: Alicia non pensa pagar un peso polo seu cuñado. Mais é o propio Modesto quen urde un novo plan co que Eduardo e Sabonis poderán salvar a adegua familiar. Eduardo, Sabonis e Modesto téñeno todo para fracasar pero, como diría Sabonis, malo será.





Sabonis

O "malo será" é a súa absoluta filosofía de vida. **Sensible, inxenuo e arroutado.**

Foi xogador profesional do Club Baloncesto Ourense (COB), o seu futuro prometía, pero tivo unha lesión e desde aquela non levanta cabeza.



Eduardo

OS CUÑADOS

É un home tranquilo, positivo e que sempre busca a maneira de arranxalo todo.

É un bo profesional e gústalle facer as cousas ben, mais cando Zamora lle propón un negocio e ve que a cousa é algo irregular, non atopa a forma de dicir que non.



Modesto

É o cuñado de manual, un "bocas" sociable que vive do conto.

Experto en todo, en realidade non sabe moito de nada, a non ser de viño. Cun encanto natural e simpatía, vai contando por todo Ourense que el é quen controla no emporio Zamora.



Mati

Independente e responsable.
Mati é policía e para ela a familia é todo. Leva moitos meses traballando nun caso coa policía portuguesa e non vai deixar que las tolarías dos seus cuñados arruinen a operación.



Cuca

AS IRMÁS

O que máis lle gusta do seu matrimonio con Eduardo é o ben que o pasan xuntos: el faille rir a ela e ela faille rir a el. Cuca é esperta e sempre está **disposta a acometer novas aventuras empresariais.**



Peque

Casou namorada dun home que tiña un futuro prometedor. Pero as cousas mudaron e por moito que faga non é quen de facer que mude el, nin de que volva coller as rendas da súa vida, ou iso cre.



Netas

Antía quérelles moito a todos, pero con quen mellor o pasa é con seu pai (Sabonis), a quen segue en todo. O de Moraima xa é outra cousa, saíu á avoa.

Avoa

Aurelia é unha muller da súa casa, capaz de manexar un marido e tres fillas, ás duras e ás maduras. E de manter a familia ao seu redor.

A FAMILIA



Duración: 92 minutos

Idioma: Galego (tamén dispoñible V.O.S.E y V.E.)

Ano: 2020

Localizacións: Ourense

Data de estrea: 9 de abril de 2021

Distribuidora: Filmax



EQUIPO ARTÍSTICO

Xosé A. Touriñán Sabonis
Miguel de Lira Eduardo
Federico Pérez Rey Modesto
Eva Fernández Mati
Iolanda Muíños Cuca
María Vázquez Peque
Mela Casal Aurelia

EQUIPO TÉCNICO

Director Toño López
Guionista Araceli Gonda
Produtor executivo Alfonso Blanco
Directora de produción Ana Míguez
Director de fotografía Jaime Pérez
Director de arte Andrea Pozo
Editora Lu Rodríguez (AMAE)
Música orixinal Santi Jul, Iván Laxe
Son directo Alfonso Couceiro
Vestuario Saturna
Maquillaxe e Perruquería Chicha Blanco

O DIRECTOR: Toño López

“Cunhados é unha comedia case criminal, alegre, alborotada e vitalista, sobre tres tipos que están a cometer un crimen por primeira vez e non lles sae ben porque son xente boa que non sabe facer dano. Cada vez se meten en mais líos, pero fano por un motivo noble, salvar a familia.

E nesta historia retratamos unha familia típica galega, que xira en torno a catro mulleres que son un pouco a antítese dos protagonistas. Son mulleres fortes, que falan moito entre elas e isto ao final fai que saiban resolver os problemas mellor que os protagonistas.

Atráeme ver como se establece un divertido xogo de complicidade co espectador no que os protagonistas nos dan pena cando sofren, pero á vez estamos desexando velos nesas situacións delirantes nas que se meten, nunha especie de pracer culpable”

Toño López - director

TRAXectoria

‘Cunhados’ é o debut de Toño López na gran pantalla. A súa carreira estivo ligada principalmente á televisión, onde empezou como director da exitosa serie de Televisión de Galicia ‘Mareas Vivas’. Dirixiu tamén para Televisión de Galicia a sitcom ‘4º sen ascensor’, a serie ‘Matalobos’ ou a comedia ‘Luci’. Ligada ao seu vínculo con con Portocabo dirixiu outra comedia para a televisión canaria titulada ‘La Revoltosa’. O seu traballo logra proxectarse á esfera internacional con ‘The Avatars’, sitcom xuvenil rodada en inglés con actores americanos para o mercado internacional e que foi vendida con éxito a máis de 15 territorios.

Na actualidade atópase inmerso na produción doutro proxecto internacional, ‘Auga Seca’, coprodución hispano-portuguesa, da que dirixiu as dúas temporadas. A serie é unha coprodución para RTP e TVG e é a primeira serie en galego en acadar con éxito a plataforma de streaming HBO.



O PRODUTOR: Alfonso Blanco



“Cuñados é a primeira longametraxe de Portocabo; para este debut eliximos unha comedia, un xénero que tiñamos moitas ganas de volver traballar.

O humor, a retranca, a ironía, o sarcasmo forman parte activa da nosa forma de ser, e por iso en Galicia hai unha gran tradición de comedia tanto no teatro como na televisión, pero o cinema non recolleu esta singularidade cultural. Con Cuñados quixemos facer a primeira gran comedia galega.

A viaxe foi apaixonante e as decisións tomadas polo camiño resultaron ser acertadas; unha talentosa guionista como Araceli Gonda, particularmente dotada para a comedia, un guión escrito a medida de Xosé Touriñán, Miguel de Lira e Fede Pérez, tres dos mellores actores cómicos do país, a sensibilidade e o agarimo polos personaxes que o director Toño López conseguiu trasladar á súa ópera prima, a luz de Jaime Pérez, realista e con carácter, a música de Santi Jul e Iván Laxe, o fío que termina de tecer esta comedia de enredo. E por último, e non menos importante, a localización da historia en Ourense, unha cidade de interior pouco retratada e visualmente atractiva, foi a guinda que lle deu a singularidade necesaria a esta película. Os elementos argumentais ourensáns utilizados son moitos; a cultura deportiva do COB (Club Ourense Baloncesto), a música de Lamatumbá, o viño do Ribeiro, o polbo, as comunións.... Como ouresano que son foi un goce enorme poder xuntar estas vivencias e sensacións propias na nosa primeira produción cinematográfica”.

Alfonso Blanco – Produtor

Cuñados está rodada integramente en Ourense e arredores. E a súa importancia na trama do filme é de gran relevancia. O personaxe de Sabonis, que herda o seu alcume pola súa gran habilidade que recorda a destreza do xogador lituano Arvydas Sabonis, era unha promesa do Club Ourense de Baloncesto ata que unha lesión o afastou das canchas. Incapaz de refacer a súa vida, Sabonis vive atascado no pasado, ata que descobre que ten moito máis que perder. É interesante destacar o feito de que un equipo dunha cidade do interior de Galicia alcance o nivel de liga profesional de baloncesto de España, pois fala dunha cidade entregada en apoiar o deporte, un elemento que era importante sinalar.

“Pero isto non é Mexico, é Ourense, ou non o ves!”





Ribeiro
treixadura
activa o modo

FILLAS DO RIBEIRO NA FICCIÓN

Outro elemento que vincula a historia á zona é a trama que xira en torno á elaboración dun viño familiar chamado Fillas do Ribeiro. O pai de Cuca, Mati e Pequie era un home da terra, creceu na tradición vinícola e montou a súa propia adega. As tres irmás están a piques de relanzar a adega familiar logo da morte do patriarca. A zona do Ribeiro é coñecida pola gran calidade da súa produción vinícola. Dentro das actividades de promoción da película contamos coa colaboración do Consello Regulador de Denominación de Orixe Ribeiro. O Consello organizou un concurso de cata para elixir o novo viño que representará a Denominación para os anos 2020-2021. Este viño vai levar a etiqueta deseñada para a ficción do viño familiar Fillas do Ribeiro e servirá como promoción do filme, así como de emblema dos grandes viños da zona. Viños que mesturan con sabedoría e intelixencia a tradición coa innovación, temas moi presentes na película.

**“Aquí facemos
cultivo ecolóxico”**



A MÚSICA DE CUÑADOS

Tamén queremos destacar a música de **Lamatumbá**, un grupo nacido en Ourense en 1998 que se considera un dos maiores expoñentes da música galega co seu aire festivo e de verbena. Un son que nos apaixona aos galegos e que constitúe unha suma importante á película. Ademais serviu para volver xuntar o grupo.





A PRODUTORA portocabo

En pouco máis de 10 anos, Portocabo posicionouse como unha produtora de referencia nos principais mercados europeos, establecendo unha rede de alianzas para producir ficción para o mercado global e abrindo España á coprodución internacional de ficción televisiva. Á fronte da compañía, Alfonso Blanco é hoxe un dos produtores executivos e showrunners máis importantes do país.

Neste tempo Portocabo produciu títulos de éxito como Hierro, un crime drama en coprodución con MOVISTAR+, ARTE France e Atlantique Productions; o drama policial Auga Seca en coprodución con SPi para RTP e TVG, que é a primeira serie en galego en formar parte do catálogo da plataforma HBO; o drama romántico Vidago Palace, unha coprodución con HOP! para TVG e RTP; ou Os fillos do sol, tv movie coproducida con Diagonal TV para TVG e TV3, por mencionar algunhas.

A excelencia das súas series viuse refrendada con múltiples galardóns. Entre outros, o premio Ondas á mellor serie para Hierro, que tamén levou o premio Feroz á mellor serie dramática, o premio Zapping á mellor serie, o premio MIM series á mellor actriz, o premio Iris ao mellor guión, varios premios Mestre Mateo en distintas categorías e o galardón do Festival Zoom de televisión. Ademais foi finalista de premios internacionais, entre os que destaca o Venice TV Awards.



Cuñados é a primeira longametraxe cinematográfica de Portocabo. Conta coa participación de RTVE, TVG e Movistar+. Coa subvención da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic). Coa colaboración da Deputación de Ourense e D.O. Ribeiro. Filmax encárgase da distribución en España, así como das vendas internacionais.

Medios Galicia:
Andrea Villa (667 683 551)
María Yáñez (661 506 947)
comunicacion@portocabo.com

Medios España:
Katia Casariego (618 874 196)
katiacasariego@gmail.com



tve

G
TELEVISIÓN GALICIA

M+

AGADIC
XUNTA DE GALICIA

DEPUTACIÓN
OURENSE

Ribeiro

filmax.